



FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

Lugar da proba:		Data:		Nivel:	CELGA 3
------------------------	--	--------------	--	---------------	----------------

DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

Apelidos e nome:					
DNI / NIE / Pasaporte:			Nacionalidade:		
Data de nacemento:	___ / ___ / _____		Sexo:	Home <input type="checkbox"/>	Muller <input type="checkbox"/>
Lugar de nacemento:	<input type="checkbox"/> Galicia <input type="checkbox"/> Outras comunidades de España <input type="checkbox"/> Europa <input type="checkbox"/> América <input type="checkbox"/> África <input type="checkbox"/> Asia <input type="checkbox"/> Oceanía				
Lugar de residencia:	<input type="checkbox"/> Cidade <input type="checkbox"/> Vila <input type="checkbox"/> Aldea				
Tipo de estudos cursados:	<input type="checkbox"/> Universitarios <input type="checkbox"/> Secundarios <input type="checkbox"/> Primarios <input type="checkbox"/> Sen estudos				

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lea detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empregue bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúese á tarefa que se lle pide.
- Axústese ao número de palabras que se lle pide. Valorarase negativamente que non chegue a ese número de palabras ou que se exceda demasiado.
- Non se lle proporcionará outro caderno de exame.
- Debe empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilice o seu nome real no texto da proba nin marque o exame con ningún sinal (por exemplo, non use típex).
- Terá que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruíranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.

Celga



3





Proba A1

Vostede ten un amigo estranxeiro ao que lle interesan moito a cultura e a historia de Galicia, onde está pasando unha tempada. Logo de escoitar esta reportaxe sobre unha exposición fotográfica, decide escribirlle unha **mensaxe electrónica**. No seu texto, de **300 palabras**, vostede ten que:


- Explicarlle quen foi Ruth Matilda Anderson, en que consiste o seu arquivo fotográfico e por que o fixo.
- Falarlle dos temas abordados nas fotografías e da época en que se sitúan.
- Facer unha comparación entre a sociedade retratada no arquivo e a da actualidade.
- Tentar convencelo de que asista á exposición e xustificar o interese desta.

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA

COMECE NA SEGUINTE

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A1' section.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border occupies the majority of the page, intended for the student to write their answers for the A1 exam.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A1' section.



Proba A2

Vostede ten un amigo que viaxou a outro país de vacacións e no voo de volta a súa maleta sufriu danos. El escíbelle unha mensaxe electrónica contándollo. Logo de ler o artigo “Perda de equipaxe: dores de cabeza voantes” decide contestarlle. Nesta **mensaxe electrónica**, en **300 palabras**, vostede ten que:

- Interesarse por como foi o sucedido.
- Facerlle referencia ao artigo e indicarlle que hai que facer en caso de sufrir danos na equipaxe facturada.
- Comentarlle cales son os dereitos dos pasaxeiros nestes casos.
- Contarlle o que lle sucedeu a vostede nunha ocasión en que lle perderon a maleta.

PERDA DE EQUIPAXE: DORES DE CABEZA VOANTES

O atraso na entrega ou a desaparición de maletas nos aeroportos xera problemas que as compañías aéreas deben resolver.

O anecdotario de demoras e misteriosas desaparicións da equipaxe nos aeroportos enchería ducias e ducias de grosos tomos. Non son poucas as persoas que padeceron nas súas carnes as molestias, a agonía e a indignación de chegaren ao seu destino e constataren que a súa valixa non está, que quedou no aeródromo de orixe ou que se atopa no outro confín do globo. A esas sensacións adoita sumarse a impotencia de descoñecer as compensacións e dereitos que o amparan.

O primeiro elemento que convén ter en conta é que as compañías aéreas son responsables dos danos causados á equipaxe facturada, por deterioración ou perda, agás que se deban a un defecto da propia equipaxe. Tamén deben responder por un atraso, salvo que proben que adoptaron todas as medidas razoables para evitalo, ou que lles foi imposible adoptalas. Non obstante, as cantidades e condicións poden variar en función da bandeira das compañías.

VOAR CON COMPAÑÍAS DA UE

Se as empresas de transporte aéreo pertencen a países da Unión Europea, a normativa que rexe é a que segue:

- **Danos na equipaxe facturada**

Se a súa equipaxe sofre danos, debe facelo constar en canto a reciba. Se non o fai, interprétase que todo está correcto. Por esta razón, é fundamental comprobar o seu estado nada máis recollela. Se hai algunha deterioración, debe cubrir ante o mostrador da compañía no aeroporto o parte de irregularidade na equipaxe (PIR). Unha vez presentado o PIR, dispón de sete días, que se contarán desde a recepción, para reclamarlle unha compensación á compañía. Recoméndase realizar este segundo paso seguido do PIR, no mesmo aeroporto.

- **Atraso da equipaxe facturada**

Se a equipaxe non aparece, deberá cubrir o PIR. Ademais, cando o pasaxeiro recibe cunha demora as súas maletas, dispón dun prazo de 21 días para continuar coa súa reclamación. Este segundo paso consiste nun escrito fidedigno dirixido á compañía aérea demandando unha indemnización polo atraso e os prexuízos causados.

- **Perda da equipaxe**

O afectado poderá denunciar a perda da equipaxe se, 21 días despois de cubrir o PIR por un atraso, non a recibe. Esta reclamación sempre se deberá realizar a través dun escrito fidedigno.

- **Cal é o montante das indemnizacións por danos, atrasos e perdas?**

Ten dereito a unha indemnización máxima de 1.200 euros por pasaxeiro, a menos que o pasaxeiro subscribise, na facturación da súa equipaxe, unha declaración especial do valor do transportado e pagase unha suma suplementaria.

O pasaxeiro terá os mesmos dereitos voando cunha compañía nacional ca cunha comunitaria, sexa cal sexa o destino, porque a todas elas se lles aplica a mesma norma, o Convenio de Montreal.

- **Sempre se ten dereito a unha indemnización por danos na equipaxe?**

Non. O transportista non será responsable na medida en que o dano se deba á natureza ou a un defecto da equipaxe. Tampouco indemnizarán por atraso se proban que adoptaron todas as medidas razoables para evitalo ou que lles foi imposible adoptalas.

- **Que facer se non se alcanza un acordo?**

Se o desacordo vén pola contía ofrecida, pódese solicitar unha maior indemnización, argumentando os motivos (gastos en destino) e xustificándoo con tickets e facturas. Se aínda así a compañía non aumenta a contía da indemnización, dispón dun prazo de dous anos para ir a xuízo. O mesmo prazo rexe cando a compañía non asume responsabilidade ningunha e o pasaxeiro non o considere xustificado.


- **Que información deben proporcionar as compañías?**

As compañías están obrigadas a proporcionar información en todos os puntos de venda, internet e teléfono incluídos, sobre as contías das indemnizacións aplicables a cada caso, a súa equivalencia en euros, os prazos para reclamar e a posibilidade de facer declaracións de valor para a equipaxe. Este documento, que obriga a un aboamento complementario, pode ser de interese se se portan obxectos ou bens valiosos.

Texto adaptado da revista *Eroski Consumer*

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA

COMECE NA SEGUINTE




ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border occupies the majority of the page, intended for the student to write their answers for the A2 exam.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A2' section.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border occupies the central and lower portions of the page, intended for the student to write their answers for the A2 exam.